CONCELLO DE
CABANA DE BERGANTIÑOS

ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**CONVENIO ENTRE O ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS EN RELACIÓN COA CAPELA DE SINDE.**

Reunidos en Cabana de Bergantiños, a 30 de mayo de 2023.

Dunha parte, Don Fernando Barros Fornos con DNI [redacted], en calidade de Ecónomo Diocesano e en nome e representación da Igrexa Católica - Arcebispado de Santiago de Compostela, con CIF [redacted], e domicilio a efectos de notificacions en Praza da Inmaculada, 1, de Santiago de Compostela, dacordo coa autorización expresa para asinar este documento concedida por segundo nomeamento efectuado por Decreto do Arcebispo de Santiago de Compostela de fecha 14 de agosto de 2018.

[redacted]

E doutra parte, Don José Muíño Domínguez, con DNI [redacted] alcalde do Concello de Cabana de Bergantiños, en nome e representación do mesmo que comparece en virtude do previsto no art. 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, con CIF n.ºP1501400D.

[redacted]

**MANIFESTAN**

**PRIMEIRO.** Que o arcebispado de Santiago de Compostela é propietario do inmoble denominado "Capela inconclusa de Sinde" no lugar de Sinde, parroquia de Cánduas, concello de Cabana de Bergantiños, que nunca chegou a ser rematada nin por tanto consagrada, e que xuntamente coa finca na que se asenta ten asignada a referencia catastral 15014A025002040000AU, goza da protección de Patrimonio Cultural ó estar incluído no Catálogo do PXOM (en fase de aprobación inicial).

**SEGUNDO.** Que ámbalas partes son conscientes da transcendencia que, para a mellora social e cultural do Concello e, máis concretamente, dos residentes na parroquia de Cánduas, supón dispoñer de locais para a realización de actividades

[redacted]

[redacted]

dese xénero, acondicionando este lugar como zona de esparexemento e lecer sen perder o seu valor relixioso.
A rehabilitación do inmoble suporá dispoñer dun punto de encontro para os peregrinos da ruta da Vía Céltica e o seu contacto cos veciños do concello. Exponse como un espazo de descanso, reflexión e tamén acercamento a vida cotiá do municipio nunha ubicación que permite disfrutar da natureza e do ámbito costeiro deste concello.
Por outra banda, preténdese, igualmente, fomentar o seu uso como Casa do Espíritu, como un centro de confluencia de diferentes relixións no que poderán celebrarse actividades, charlas , conferencias con contido divulgativo, social, cultural.
A capela poderá ser utilizada para actividades socioculturais de interese para o municipio tendo en conta o apartado quinto do presente convenio.

ES COPIA SIMPLE
- Sin responsabilidad por la transcripción -

[redacted]

**TERCEIRO.** A sensibilidade do Arcebispado de Santiago de Compostela e a solidariedade co Concello de Cabana de Bergantiños tradúcese na colaboración con este, a fin de conseguir o máximo desenvolvemento social dos fregueses da parroquia, potenciando ao mesmo tempo os valores arquitectónicos protexidos do lugar

Por todo o anterior, ambas partes deciden subscribir o presente ***CONVENIO DE COLABORACIÓN***, dacordo cas seguintes

**CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA.** O obxecto deste convenio é a cesión gratuíta da chamada Capela de Sinde e da finca na que se asenta por parte do Arcebispado de Santiago de Compostela, representado por Fernando Barros Fornos, ao Concello de Cabana de Bergantiños, representado por Don José Muiño Domínguez, que este acepta, por un prazo de VINTENOVE ANOS, contados a partir da data deste documento. Unha vez finalizada a duración inicial, o presente convenio prorrogarase automaticamente por prazos anuais en tanto ningunha das partes manifeste á outra de forma fehaciente a súa vontade en contra con alomenos dous meses de antelación á data de cumprimento da duración inicialmente pactada o de calquera das prórrogas.

**SEGUNDA.** O obxecto da cesión é dispoñer do inmoble para a realización de actividades de carácter cultural, social e educativo que redunden en beneficio dos fregueses de Cánduas e, por extensión, de todo o Concello de Cabana de Bergantiños.
Utilizarase igualmente como punto de encontro dos peregrinos da Via Céltica e Casa do Espíritu.

**TERCEIRA.** O Concello de Cabana de Bergantiños obrígase a executar, ao seu exclusivo cargo, no edificio sinalado, como contra prestación da cesión anterior, todas as obras necesarias para a rehabilitación da edificación, para o que poderá acudir a outras administracións públicas a fin e conseguir financiación.

[redacted]

Asimesmo, unha vez completada a rehabilitación obrígase o mantemento e conservación dos inmobles en estado de servir ó uso convido.
O Concello deberá dar conta previamente ó Arcebispado de todas as obras que se propoña facer facéndolle chegar copia dos correspondentes proxectos.
Todas as obras deben ser levadas a cabo con estricto cumprimento da normativa vixente, especialmente, en materia de protección do patrimonio cultural.
O Arcebispado resérvase o dereito de entrada á casa co fin exclusivo de comprobar o estado das obras.

**CUARTA.** O Concello obrígase a mantener limpa e nas debidas condicións de salubridade a finca sobre a que se asenta a capilla sen que ningunha instalación de carácter definitivo poida facerse na mesma sen o previo consentimiento do Arcebispado.

**QUINTA.** O criterio moral proposto nas actividades que se vaian a desenvolver por

[redacted]

[redacted]

parte do Concello ou calquera outra entidade autorizada polo concello en todo o espazo cedido, non poderá estar en desacordo coa normativa emanada do maxisterio da Igrexa. No caso de conflito ou discrepancia de pareceres sobre este criterio, ambas partes se encomendan o parecer do Sr. Arcebispo de Santiago ou a persoa na que delegue

ES COPIA SIMPLE
- Sin responsabilidad por la transcripción -

**SEXTA.** O Concello exime ó Arcebispado de toda responsabilidade que poida derivarse en calquera orden polos danos producidos con ocasión das obras ou das actividades que se leven a cabo nos inmobles cedidos. O efecto, o Concello responderá non só dos seus propios actos senon tamén dos ocupantes ou usuarios ós que permita a entrada nas instalacións, debendo suscribir os seguros que sexan obrigatorios a tal fin.
Asimesmo, o Concello faise responsable de todas as obrigas que a lei lle impón a nivel laboral respecto dos traballadores e o personal que poidan prestar os seus servizos [redacted] tanto durante a execución das obras como durante o funcionamento das actividades a que se destinan os inmobles, liberando ó Arcebispado de calquera compromiso ou responsabilidade que poida xurdir, así como das consecuencias de toda índole que poideran derivarse tanto durante a vixencia do convenio como á resolución do mesmo.

**SÉTIMA.** O Arcebispado manifesta expresamente a súa autorización para que o Concello leve a cabo a inmediata ocupación dos bens que se ceden e se realicen as obras de mellora e/ou acondicionamento expresadas na memoria presentada.

**OCTAVA.** O Concello de Cabana de Bergantiños ten expresamente prohibido a cesión ou arrendamento total o parcial dos inmobles cedidos, sin o consentimento previo e por escrito do Arcebispado, e sen perxuizo dos contratos que o Concello poida celebrar con terceiros para a prestación dos servizos relativos ás actividades a que se destiñan os inmobles.

CONCELLO DE
CABANA DE BERGANTIÑOS

ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**NOVENA.-** Serán causas de resolución del presente convenio o incumprimento das estipulacions recollidas no mesmo, así como as xerales da lei, en en particular:

1º.- La realización de actividades contrarias a la moral da Igrexa Católica ou que atenten contra os principios constitucionais.

2º.- O cambio de destino non consentido.

3º.- A cesión o arrendamiento dos inmobles cedidos sen consentimiento previo do Arcebispado.

Para que así conste, e en proba de conformidade, o asinan no lugar e data arriba indicado.

[redacted] [redacted]

Asdo.- José Muíño Domínguez.
Alcalde de Cabana de Bergantiños

Asdo.- Fernando Barros Fornos
Ecónomo Diocesano

[redacted]

[redacted]

GOBIERNO DE ESPAÑA | VICEPRESIDENCIA PRIMERA DEL GOBIERNO | MINISTERIO DE HACIENDA | SECRETARÍA DE ESTADO DE HACIENDA | DIRECCIÓN GENERAL DEL CATASTRO

# CERTIFICACIÓN CATASTRAL DESCRIPTIVA Y GRÁFICA

**Referencia catastral:** 15014A025002040000AU

## DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE

**Localización:** LG CANDUAS Suelo Polígono 25 Parcela 204 CANDUAS. 15149 CABANA DE BERGANTIÑOS [A CORUÑA]

Clase: Urbano
Uso principal: Suelo sin edif.

**Valor catastral: [ 2024 ]:** 6.159,80 €
**Valor catastral suelo:** 6.159,80 €
**Valor catastral construcción:** 0,00 €

**Titularidad:**

| Apellidos Nombre / Razón social | NIF/NIE | Derecho | Domicilio |
|---|---|---|---|
| ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA | [redacted] | 100,00% de propiedad | PZ INMACULADA 1<br>15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA [A CORUÑA] |

**Cultivo**

| Subparcela | Cultivo/Aprovechamiento | IP | Superficie m² | Subparcela | Cultivo/Aprovechamiento | IP | Superficie m² |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 0 | C- Labor o Labradío secano | 02 | 977 | | | | |

## PARCELA CATASTRAL

**Superficie gráfica:** 977 m2




*Este certificado refleja los datos incorporados a la Base de Datos del Catastro. Solo podrá utilizarse para el ejercicio de las competencias del solicitante.*
Solicitante: NOTARIA 9 DE PUENTECESO/PONTECESO [A CoruΛea]
Finalidad: notarial
Fecha de emisión: 21/03/2024

Documento firmado con CSV y sello de la Dirección General del Catastro
CSV: HO3PBS4CRTSYCSD7 (verificable en https://www.sedecatastro.gob.es) | Fecha de firma: 21/03/2024

Hoja 1/2

ES COPIA SIMPLE
- Sin responsabilidad por la transcripción -

GOBIERNO DE ESPAÑA
VICEPRESIDENCIA PRIMERA DEL GOBIERNO
MINISTERIO DE HACIENDA
SECRETARÍA DE ESTADO DE HACIENDA
DIRECCIÓN GENERAL DEL CATASTRO

# CERTIFICACIÓN CATASTRAL DESCRIPTIVA Y GRÁFICA

**Referencia catastral: 15014A025002040000AU**

## RELACIÓN DE PARCELAS COLINDANTES



**Referencia catastral:** 15014A025002010000AE
**Localización:** LG CANDUAS Polígono 25 Parcela 201
TRAS DAS CASAS. CABANA DE BERGANTIÑOS [A CORUÑA]
**Titularidad principal**

| Apellidos Nombre / Razón social | NIF | Domicilio |
|---|---|---|
| TERNANDE ROJO PATRICIA | [redacted] | AV DE FISTERRA 75 Bl:B Es 2<br>15129 VIMIANZO [A CORUÑA] |



**Referencia catastral:** 15014A025002050000AH
**Localización:** LG SINDE Polígono 25 Parcela 205 000502700NH08C
TRAS DAS CASAS. CABANA DE BERGANTIÑOS [A CORUÑA]
**Titularidad principal**

| Apellidos Nombre / Razón social | NIF | Domicilio |
|---|---|---|
| FARIÑA POSE ELVIRA | [redacted] | LG SINDE CABANA BERGANTIÑOS-RIOBO<br>15149 CABANA DE BERGANTIÑOS<br>[A CORUÑA] |



**Referencia catastral:** 15014A025090020000AE
**Localización:** Polígono 25 Parcela 9002
CRT BARNEIROS-SINDE. CABANA DE BERGANTIÑOS [A CORUÑA]
**Titularidad principal**

| Apellidos Nombre / Razón social | NIF | Domicilio |
|---|---|---|
| DESCUENTO | | MN CABANA<br>15149 CABANA DE BERGANTIÑOS<br>[A CORUÑA] |

Documento firmado con CSV y sello de la Dirección General del Catastro
CSV: HD3PBS4CRTSYC5D7 (verificable en https://www.sedecatastro.gob.es) | Fecha de firma: 21/03/2024